Amigos de la Ópera de Vigo

Outono Lírico 2025

NVLG AAOV

# NOVAS VOCES DA LÍRICA GALEGA

**Beatriz Arenas**
Soprano

**Cristina García Lomba**
Piano

**11** OUT. 2025

AUDITORIO MARTÍN CÓDAX
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DE VIGO



## BEATRIZ ARENAS LAGO

Soprano

Soprano lírico-lixeira nada en Vigo, iniciou os seus estudos co tenor José Antonio Campo no Conservatorio Profesional de Música de Vigo, onde obtivo o Premio Fin de Grao en canto. Continuou a súa formación na Escola Superior de Canto de Madrid e completou os seus estudos no KASK Conservatorium van Gent (Bélxica) con profesores destacados como Marcos Pujol e Hendrickje van Kerckhove. Está especializado en repertorio renacentista, barroco e canción de concerto.

Como solista actuou en teatros e auditorios internacionais en Italia, Corea do Sur, Países Baixos e Bélxica. Entre os seus escenarios máis relevantes están o Teatro Tornolia e o Oratorio do Gonfalone en Roma, o Seoul Arts Center, e auditorios en Ámsterdam e Gante. Participou en festivais internacionais como o Utrecht Early Music Festival e o Festival de Música Antiga de Granada.

Destacan as súas estreas modernas en Italia de obras como o oratorio *Santa Editta* e a ópera *Amar e Fingere*. En 2025 interpretou o papel de Euridice en *Orfeo ed Euridice* de Gluck en Vigo. Foi seleccionado para o programa Crescendo do Teatro Real en 2020, e colaborou coa Orquestra 430 en España, actuando en importantes auditorios como a Cidade de León e Martín Códax e David Russel de Vigo. *Foi solista na banda sonora da película muda O Fantasma da Ópera*, con música do compositor Brais González, e protagonizou a ópera contemporánea *Loba Branca*, estreada en 2024. Actualmente desenvolve un innovador proxecto que fusiona música antiga con jazz xunto ao pianista Brais González, ademais de colaborar con destacados músicos e teatros de Galicia e España.

# PROGRAMA

### PRIMEIRA PARTE

“Madre unos ojuelos vi”. Seis Canciones. Eduard Toldrà.

“Después que te conocí”. Seis Canciones. Eduard Toldrà.

“Mañanita de San Juan”. Seis Canciones Castellanas. Jesús Guridi.

“No lloréis ojuelos”. Canciones Amatorias. Enrique Granados.

“¿Corazón porqué pasáis?”. Fernando Obradors.

“Danza de la Moza Donosa”. Alberto Ginastera (piano solo).

“Me llaman la primorosa”. El Barbero de Sevilla. Gerónimo Giménez.



## CRISTINA GARCÍA LOMBA

Piano

Comeza os seus estudos musicais na súa vila natal, A Guarda, continuándolosposteriormente no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde obtén as titulacións de Profesor Superior de Piano, Profesor Superior de Solfexo, Teoría da música, Repentización e Acompañamento, Profesor de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación e Profesor Superior de Música de Cámara. Posúe tamén as titulacións de Máster en Innovación e Investigación en Educación e Grao en Lingua e Literatura Españolas (UNED).

Na súa actividade concertística combina as súas actuacións como pianista solista, entre as que destaca a súa participación no *Festival Are More* en Vigo, coa súa actividade como pianista acompañante no campo da música vocal, acompañando á Coral Polifónica Casablanca de Vigo durante máis de quince anos ou participando en festivais como o Festival de Ópera e Zarzuela de Vigo. Na actualidade, a súa actividade interpretativa máis representativa céntrase na música de cámara, con actuacións en diferentes salas de concerto, tanto españolas como europeas, en agrupacións de dúo ou trío con piano, participando tamén como pianista acompañante en diferentes cursos de interpretación e Masterclass. No campo da docencia, é profesora titular de Música de Cámara no Conservatorio Superior de Música de Vigo desde 1996, centro do que tamén exerceu a xefatura de estudos e no que actualmente é catedrática de Música de Cámara.

## SEGUNDA PARTE

"Como nací en la calle de la Paloma". El Barberillo de Lavapiés. Francisco A. Barbieri.

"No corte más que una rosa". La del Manojo de Rosas. Pablo Sorozábal

"Sacromonte". Cinco Danzas Gitanas. Joaquín Turina (piano solo).

"Quel guardo il cavaliere". Don Pasquale. Gaetano Donizetti.

"Je veux vivre". Romeo & Juliette. Charles Gounod.

"Quando m´en vo". La Boheme. Giacomo Puccini.

# unha noite de Zarzuela



**Ainhoa Arteta**
Soprano

Borja Quiza
Barítono

Francisco Corujo
Tenor

Javier Carmena
Piano

**18 OUT.**
TEATRO AFUNDACIÓN
VIGO
**20:00 h.**

Entradas á venda en
**Ataquilla**

**8 NOV.** **19:00 h.**
TEATRO AFUNDACIÓN
VIGO



# WERTHER

ÓPERA SEMIREPRESENTADA

J. MASSENET

**Ismael Jordi** Tenor
Olga Syniakova Mezzosoprano · Gerardo Bullón Barítono
Iria Goti Soprano · Fernando Latorre Bajo

Orquesta Sinfónica Vigo 430 · Dir. Musical: Manuel Coves
Dir. Escena: Ignacio García · Video e iluminación: Alejandro Contreras

## ÓPERA NO CINE Auditorio Municipal del Concello de Vigo

14 de outubro. 19,00 horas. Entrada de balde

**150º Aniversario do falecemento de Georges Bizet**
**"CARMEN" (BIZET).** Elina Garança, Roberto Alagna, Barbara Frittoli, Teddy Tahu Rhodes. Director, Yannick Nézet Séguin. (Metropolitan, 2.010).

28 de outubro. 19,00 horas. Entrada de balde

**150º Aniversario do nacemento de Maurice Ravel.**
**"L´ HEURE ESPAGNOLE" (RAVEL).** Eve-Maud Hubeaux, Iván Ayón Rivas, Mikeldi Atxalandabaso, Armando Noguera. Director, Michele Spotti (Les Arts, 2.025).

## FALEMOS DE ... Café Vitruvia

7 de novembro. 19,30 horas. Entrada libre

**"Werther ou a cumio da ópera romántica".** Mesa redonda a cargo de Manuel Coves (director musical), Ignacio García (director de escena) e diferentes membros do elenco.

Faite socio de Amigos da Ópera de Vigo!
Cota anual: 70,00 €

www.amigosoperavigo.com/asociate

PATROCINAN
CONCELLO DE VIGO · XUNTA DE GALICIA · Deputación Pontevedra · GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CULTURA · inaem
MECENAZGO
GADIS

diseño: ideaspropias.com